Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/2/2022	GOB16I013	
415J1361463T5R1C0WGQ		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** D/DªMARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vinte de xaneiro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. ALCALDESA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN NA R/CATALUÑA (EXP.- LPO 16/2021) ..-

(…)

PRIMEIRO: Outorgar a Casas Narón Valdoviño, S.L. (********), licenza de primeira ocupación dun edificio de dúas plantas de soto, planta baixa, tres e catro plantas altas e baixo cuberta para garaxes, rochos, local libre, 20 vivendas e obras complementarias de urbanización sito na rúa Concepción Arenal – Celso Emilio Ferreiro – Avda. de Cataluña (ref. catastral 4458814NJ6145N e predio rexistral 15.333)., con suxeción as seguintes condicións:

a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na modificación da licenza de obra outorgada por resolución do Concelleiro Delegado de Urbanismo do día 06.09.2021 (Exp. 73/2017).

b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo colexio oficial correspondente en data 05/10/2021, e demais documentación presentada aos efectos.

Observacións:

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

- O inicio do cómputo para a devolución da GARANTÍA depositada polas obras complementarias de urbanización iniciarase a contabilizar a partir do efectivo depósito do material identificado no informe técnico da dirección de obra do 05.12.2021.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **736,40 euros**.
TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servicios económicos municipais e notificala ao interesado.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜISTICA EN 2022.**.- Vista a proposta formulada que di asi: O día 12-01-2022 a xefa de Organización elevou á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas o informe-proposta, co código ASI16I006, do expediente ASI/2/2022 que literalmente di:

"INFORME-PROPOSTA DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA FINANCIAR AS RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA EN 2022

Logo de ver o anuncio do 28 de decembro de 2021, da Deputación da Coruña, polo que se establecen as bases da convocatoria de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para a creación, mantemento e reforzamento dos servizos lingüísticos en 2022, e o anuncio polo que se abre o prazo para solicitar esta subvención (BOP do 04-01-2022), quen subscribe solicítalle á concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

Primeiro.- Solicitar a subvención á Deputación da Coruña para financiar as retribucións do persoal técnico do servizo lingüístico durante a anualidade 2022, de acordo co seguinte plan de financiamento:

Custos totais de persoal	58.212,97 euros ▪ 34.881,40 euros - aplicación orzamentaria 9200 13100 ▪ 9.468,74euros – aplicación orzamentaria 9200 13105 ▪ 13.862,83 euros - aplicación orzamentaria 9200 16000
Achega do concello	43.212,97 euros
Contía da subvención solicitada	15.000 euros

Segundo.- No caso de ser concedido o importe da subvención por debaixo da cantidade solicitada non suporá a renuncia á subvención pois o gasto de persoal está incluído no orzamento do concello de 2022.

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria da devandita subvención.

Cuarto.- Facultar á señora alcaldesa-presidenta para a sinatura de cantos documentos fosen precisos para formalizar a subvención."

Logo de ver o informe-proposta favorable dos servizos económicos do Concello, co código ICO16I00B, esta concelleira delegada de Ensino e Bibliotecas propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.

Segundo.- Dar conta desta resolución aos servizos económicos do concello.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE PARA A CONTRATACIÓN DE AXENTES DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL (AEDL) PARA O EXERCICIO 2021.**.- Vista a proposta formulada que di asi: Visto o informe-proposta cuxa literalidade se transcribe a continuación:

"ASUNTO: Aceptación da subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local, (AEDL), para o exercicio 2021.

A Xefa do Servizo Sociocomunitario, Yolanda Martínez García, respecto ao expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES

Mediante Xunta de Goberno Local (GOB15I0MK) de data 02/12/2021, apróbase a Solicitude de Subvención a Conselleria de Emprego e Igualdade para a contratación de Axentes de Emprego e Desenvolvemento Local para o exercicio 2021, ao abeiro da orde de 28 de outubro de 2021, publicada no DOG nº 214 de 8 novembro de 2021.

Por mor de que en data 03/12/2021, a Conselleria de Emprego e Igualdade, fixo un requirimento de documentación, o que provocou un reaxuste nas cantidades do proxecto inicial, e a modificación do importe total do proxecto (47.622,96€), de modo que emitíuse unha Resolución de Alcaldía de data 13/12/2021 (SSO15I3G9) nos termos esixidos no requerimento referenciado.

Por Resolución da Conselleria de Emprego e Igualdade, de 29/12/2021, (número de Rexistro Xeral de entrada do concello de Narón 25.254), concédeselle ao concello de Narón unha subvención por importe de 15.972,78€, para a prórroga da contratación da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local para o exercicio 2021, agora ben no citado documento, o importe total do proxecto incrementase a 47.623,08, motivados polo redondeo que aplica o organismo concedente de 0,12 céntimos de euro.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

- *Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*
- *RDL 781/1986, de 18 de abril, aprobación Texto refundido (TRRL)*
- *Lei 38/2003, de 17 de noviembre, Xeral de Subvencións*
- *RD 887/2006, de 21 de xullo, Regulamento da Lei 38/2003*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*
- *Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.*
- *Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.*
- *Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivada da enetrada en vigor da Lei 27/2003.*
- *Leis 39/2015 e 40/2015 de 1 de outubro , de Réxime Xurídico do Sector Público.)*
- *orde de 28 de outubro de 2021, publicada no DOG nº 214 de 8 de novembro de 2021.*
- *Xunta de Goberno local de 02/11/2021. (GOB15I0MK)*
- *Requerimento da Conselleria de Emprego e Igualdade de 03/12/2021.*
- *Resolución de Alcaldia de modificación da solicitude de subvención a Consellería de Emprego e Igualdade (SSO15I3G9).*
- *Dación de conta en Xunta de Goberno Local da Resolución de Alcaldía modificando a solicitude de subvención a Consellería de Emprego e Igualdade.(GOB15I0MY)*
- *Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade de concesión de Subvención de data 29/12/2021*
- *Orzamento do concello en vigor.*

POR TODO O EXPOSTO, A XEFA DO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO MUNICIPAL, YOLANDA MARTÍNEZ GARCÍA, INFORMA A CONCELLERIA DELEGADA EN MATERIA DE FORMACIÓN PARA QUE PROPOÑA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

1º.- Aceptar a subvención concedida pola Consellería de Emprego e Igualdade para a prórroga da contratación da Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no exercicio 2021 ,(10/12/2021 ao 09/12/2022) , por importe de 15.972,78€

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

2º.- Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo:

IMPORTE TOTAL DO PROXECTO	*47.623,08€*
Importe da subvención concedida	*15.972,78€*
Importe da achega municipal	*31.650,30€*

DESGLOSE DA ACHEGA MUNICIPAL (31.650,30)=66,46%

APLICACIÓN ECONÓMICA	*ANO 2021*	*ANO 2022*	*TOTAL*
2410 13100	*1.061,33€*	*19.257,61€*	*20.318,94€*
2410 13105	*180,90€*	*3.559,66€*	*3.740,56€*
2410 16000	*448,92€*	*7.141,88€*	*7.590,80€*
Total	*1.691,15€*	*29.959,15€*	*31.650,30€*

DESGLOSE DA ACHEGA DA CONSELLERIA (15.972,78)=33,54%

APLICACIÓN ECONÓMICA	*ANO 2021*	*ANO 2022*	*TOTAL*
2410 13100	*535,62€*	*9.718,64€*	*10.254,26€*
2410 13105	*91,29€*	*1.796,43€*	*1.887,72€*
2410 16000	*226,55€*	*3.604,25€*	*3.830,80€*
Total	*853,46€*	*15.119,32€*	*15.972,78€*

3º.- Nomear a Marián Ferreiro Díaz, Alcaldesa-Presidenta, representante para as relación desta entidade coa Consellería de Emprego e Igualdade no referente a esta subvención."

E unha vez fiscalizado, coa toma de razón, o informe transcrito pola Intervención municipal con data 14/01/2022(ICO16I008), quen subscribe, Concelleira de Formación (delegada por Resolución da Alcaldía de data 25/06/2019), **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** que acorde:

- Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO MES DE XANEIRO DE 2022 E ADICIONAL DO MES DE DECEMBRO DE 2021.**.-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **xaneiro** de 2022, por importe de **6.808,05 €** e **39 recibos.**

SEGUNDO: Aprobar o padrón fiscal adicional das taxas pola utilización das instalacións deportivas, do mes de **decembro** de 2021, por importe de **776,05 €** e **18 recibos.**

TERCEIRO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 87 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CUARTO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a alcaldía.

QUINTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase

desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DO MES XANEIRO DE 2022 DAS TAXAS POLA INSCRICIÓN NOS CURSOS E ACTIVIDADES DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E TITULARES DO ABONO ANUAL FAMILIAR.**.-

(…)

PRIMEIRO: Aprobar o padrón fiscal das taxas pola inscrición nos cursos e actividades das instalacións deportivas do mes de xaneiro de 2022 e titulares do abono familiar, cun importe de 23.702,41 € e 1.202 contribuíntes.

SEGUNDO: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 87 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

TERCEIRO: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a alcaldía.

CUARTO: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, si se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es